

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da ponte de Rande (10/PNC-002859, doc. núm. 35469)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado que se dirixa a empresa concesionaria para que axilice o máximo posible os traballos desenvolvidos na ponte de Rande, que permita a apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da mesma.”

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 26/09/2018 17:43:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2018 17:43:44

**Á Mesa da Comisión 2.^a,
Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia do proxecto da estación intermodal da Coruña (10/PNC-002762, doc. núm. 33711)

Emenda de adición

Débase engadir os seguintes puntos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“3 bis.- O Parlamento galego insta a que a Xunta de Galicia da man do Concello da Coruña axilicen o inicio dos traballos, para que en coordinación coa Administración Xeral do Estado sexa posible a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña no menor tempo posible.

3 ter.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que asegure a cofinanciación comprometida para este proxecto a través de axudas europeas.”

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 26/09/2018 17:44:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2018 17:44:18

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre o impulso da Xunta de Galicia para abrir a convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia (10/PNC-002746, doc. núm. 33583)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que todas as achegas, subvencións ou axudas convocadas pola Xunta de Galicia sexan en concorrencia competitiva, asegurando a igualdade de oportunidades entre todos os concellos galegos.
2. Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.
3. Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.
4. Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas.”

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 17:45
Nº Rexistro: 37660
Data envío: 26/09/2018 17:45:40.324

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2018 17:44:33

Á MESA DA COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia número 32807 (10/PNC 002682)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 27 de setembro de 2018.

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da iniciativa polo seguinte:

"1) Promover as modificacións lexislativas e normativas necesarias para que no procedemento de avaliación para a implantación de todas as instalacións de tratamento de residuos industriais sexa obrigatorio o trámite de avaliación ambiental integrada ordinaria.

2) Modificar a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia para garantir que só excepcional e motivadamente se poidan implantar este tipo de instalacións en solo rústico de protección ordinaria, fixando a prohibición no solo rústico de especial protección.

3) Revisar os Plans de Xestión de Residuos de Galicia incluíndo unha serie de medidas vinculantes para determinar a idoneidade das ubicacións das plantas de tratamento de residuos industriais incluíndo, cando menos, para a ubicación en



solo rústico de protección ordinaria a xustificación sobre a insuficiencia de capacidade de tratamento na zona, a inexistencia de solo industrial."

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Asdo.: Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/09/2018 17:39:46

Á MESA DA COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia número 33711 (10/PNC 002762)**, incluída na orde do día da devandita Comisión que se vai celebrar o 27 de setembro de 2018.

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da iniciativa polo seguinte:

"1. Instar á Xunta de Galicia a licitar de inmediato a redacción do proxecto técnico para a terminal de autobuses, a partir das bases consensuadas co Concello da Coruña en novembro de 2017, para que tamén se poda definir a proposta de accesos de competencia municipal, así como a derivación das obrigas económicas das partes e que deberán incorporarse ao convenio a formalizar.

2. Instar á Xunta de Galicia a precisar o reaxuste de anualidades e previsións de financiamento FEDER para a construción da terminal de autobuses, detallando o calendario de execución da mesma, e de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1303/2013, de 17 de decembro de 2013 e as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do FEDER 2014-2020.



3. Instar á Xunta de Galicia a presentar a proposta técnica da terminal de autobuses no grupo de traballo constituído entre o Concello e ADIF para a coordinación da compatibilidade dos proxectos técnicos coa finalidade da súa concreción, aprobación e ratificación polas administracións respectivas, inclusive a do Consello da Xunta en aplicación da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, o que posibilitará a adaptación posterior do planeamento municipal por parte do Concello de A Coruña."

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Asdo.: Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/09/2018 17:47:06

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-002859 (35469)**, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da ponte de Rande.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1.- A apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da ponte de Rande á maior brevidade, para o que se deben axilizar ao máximo os traballos que están agora mesmo en execución, reforzando quendas de traballo e adoptando cantas medidas sexan necesarias para acurtar os prazos, garantindo as condicións de seguridade.

2.- Demandar do Ministerio de Fomento que manteña a Comisión conxunta creada entre Xunta e Ministerio en febreiro do ano pasado como marco estable no que abordar os asuntos relativos á AP-9. Esta comisión reunirase, como veu facendo ata o de agora, cunha periodicidade mínima semestral. Así mesmo, teranse en conta os compromisos xa acadados con anterioridade entre Xunta de Galicia e Goberno do Estado no marco desta Comisión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/09/2018 18:05:31

Alberto Pazos Couñago na data 26/09/2018 18:05:47

Á Mesa da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da caducidade da concesión outorgada a Elnosa en Lourizán, en Pontevedra, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co protocolo asinado coa empresa no ano 2013 (10/PNC-002888, documento número 36066).

Emenda de modificación

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado que resolva á maior brevidade o expediente de caducidade da concesión outorgada á empresa Elnosa en terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán (Pontevedra).”

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/09/2018 17:54:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2018 17:54:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, con número de rexistro **32807(10/PNC-002682)**, que figura na orde do día da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, que se vai celebrar o vindeiro 27 de setembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1) Modificar a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galiza, para excluír nos usos e actividades admisibles en solo rústico as plantas de xestión e tratamento de residuos industriais, de forma que estas actividades queden prohibidas neste tipo de solo.

2) Actualizar o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galiza (2016/2022) conforme a esta prohibición, de maneira que restrinja as instalacións industriais de xestión e tratamento de residuos a parques industriais específicos e acondicionados para tal actividade.”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 37668
Data envío: 26/09/2018 18:17:27.158

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2018 18:16:59

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2018 18:17:02